



INFORME DE LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O CONSELLO AUTONÓMICO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA.

En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta secretaría xeral técnica emite o seguinte **INFORME**,

I. Marco normativo, exame competencial e obxecto da norma

1. A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de asistencia social en virtude do disposto no artigo 148 da Constitución española e o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Ao abeiro da dita competencia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para garantir entre outros, o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas dentro do sistema de benestar social.

Posteriormente, o Parlamento de Galicia aproba a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recolle as necesidades da familia, da infancia e das persoas menores derivadas dos cambios na sociedade e o reflexo dos cambios normativos.

Actualmente, a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, na forma establecida no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude. No dito decreto, as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na dita Lei 13/2008, do 3 de decembro, na dita Lei 3/2011, do 30 de xuño, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, exercéranse pola consellería a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Ao abeiro das ditas competencias promóvese o presente proxecto normativo.

2. O principio da participación infantil

- A participación infantil configúrase como un principio reitor da Convención sobre os Dereitos do Neno aprobada o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de novembro de 1990, e representa un cambio na consideración xurídica do neno, quen deixa de ser considerado como un obxecto de protección, para converterse nun suxeito titular de dereitos, o que implica consideralo como un cidadán pleno, cos seus dereitos e coas súas obrigacións.

Igualmente, o obxectivo 16 da Axenda 2030 do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, establece a participación cidadá como medio para a consecución de sociedades xustas, inclusivas e representativas que respondan ás necesidades dun modelo de sociedade avanzado.





A Recomendación Rec (2006) 19 do Comité de Ministros da Unión Europea estableceu como obxectivo recoñecer a importancia da responsabilidade parental e a necesidade de que os pais e as nais teñan suficientes apoios para cumprir coas súas responsabilidades na educación dos seus fillos e fillas. A Recomendación insta a que pais, nais ou outros/as titores/as provexan protección e bo trato, sen violencia, amor, afecto e seguridade, sen esquecer o chamamento para que nenos e nenas sexan vistos/as, escoitados/as e valorados/as como persoas, o que ha de redundar no aumento da confianza en sí mesmos/as, das súas competencias e da capacidade para o seu control persoal.

A Constitución española, no seu artigo 48, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural. Así mesmo, no seu artigo 23 establece o recoñecemento do dereito dos cidadáns *"a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes libremente elixidos"*. Tamén no artigo 9.2 da Constitución española establécese que corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

De xeito específico, no referente ao exercicio da participación infantil e adolescente hai que destacar a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que modifica a Lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor. A modificación do artigo 9 da dita Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, reforza o dereito das persoas menores de idade a ser escoitadas sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra razón, tanto no ámbito familiar, como en procedementos administrativos e xudiciais. Posteriormente a promulgación da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño de protección integral contra a adolescencia fronte á violencia ven a significar a reafirmación sobre a necesidade de establecer mecanismos de protección da infancia e da promoción de accións preventivas que favorezan a súa visibilidade, a sensibilización contra calquera forma de violencia que puidese exercerse sobre ela, o compromiso da sociedade de velar polo seu pleno desenvolvemento físico, social, emocional e/ou psicolóxico, e unha chamada á necesaria cooperación e colaboración entre as administracións públicas para a disposición da súa protección integral.

- Como xa se indicou, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, en virtude do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, este órgano superior asume a protección e tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo en aplicación da antedita normativa, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, e na Lei 4/2001, do 31 de maio.

A dita Lei 3/2011, do 30 de xuño, no artigo 38, recolle os principios reitores de actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, e no seu artigo 42 recoñece, entre outros, os dereitos das persoas menores de idade a participar plenamente, en función do seu desenvolvemento e capacidade na vida social, cultural, artística e recreativa da súa contorna, así como a unha incorporación progresiva á cidadanía activa, a expresarse libremente, e a expresarse na súa lingua propia, de orixe ou de



libre elección, e a non ser discriminado en razón á mesma e á promoción da autonomía persoal potenciando as súas capacidades.

No dito marco competencial e froito do compromiso político, aprobouse a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2018-2020, (en diante EGIA) coa que se pretendeu establecer o impulso e o desenvolvemento efectivo da participación infantil, ao contemplar entre os seus principios orientadores a non discriminación, o principio de interese superior de nenos, nenas e adolescentes, a transversalidade e o principio de participación da poboación infantil e adolescente.

A súa liña estratéxica 1, dedicada á participación infantil e adolescente, concretouse no impulso do papel da infancia e da adolescencia na sociedade, na súa visualización como cidadanía activa e na promoción do seu dereito á libre expresión.

Na dita liña recolleuse como obxectivo estratéxico a promoción dunha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquietudes, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero, culturais e de capacidade.

Para a súa consecución, na EGIA estableceuse un conxunto de obxectivos de carácter operativo e distintas actuacións que implican un maior protagonismo da infancia co fin de lograr un maior recoñecemento do seu papel, a súa visualización como cidadanía activa e o fomento da súa intervención en diferentes ámbitos sociais. Concretamente, entre os ditos obxectivos operativos recolleuse o seguinte:

- . Obxectivo operativo 1.4. Promover iniciativas que impliquen un maior protagonismo e presenza da infancia e da adolescencia na sociedade co fin de lograr o recoñecemento do seu papel, visualizala como cidadanía activa e de pleno dereito e garantir a súa educación para a participación, así como que sexa escoitada en todos os asuntos que lle afectan, fomentando a súa intervención en diversos ámbitos da vida social e comunitaria.
- . Actuación 1.4.5 Deseño e posta en marcha de iniciativas de participación presencial para que nenos, nenas e adolescentes trasladen as súas demandas, necesidades e inquietudes ás distintas administracións públicas, como os Consellos municipais de participación infantil e adolescente.
- . Actuación 1.4.13 Creación do Consello Autonómico de Infancia como órgano de representación infantil.

Así mesmo, a EGIA serviu de marco para desenvolver experiencias de participación social protagonizadas pola infancia e a adolescencia da nosa comunidade, sendo clave o traballo cos consellos municipais de participación infantil e adolescente, desenvolvendo a democracia participativa e a acción pública, fomentando a vida asociativa na sociedade, canalizando a participación infantil nos diferentes sectores ou áreas de actuación municipal.

O compromiso da Xunta da Galicia cos dereitos de nenas, nenos e adolescentes vai máis aló, promovendo a transversalidade da perspectiva da infancia e da adolescencia nas distintas políticas públicas que permitan situar o interese superior da persoa menor de idade no deseño e aplicación destas. Igualmente, preocúpase da realización dun conxunto de actuacións destinadas á poboación infantil e adolescente para facilitarlle o coñecemento sobre os seus dereitos e deberes, así como sobre os seus recursos, o que terá tradución global no fomento da participación da poboación infantil e adolescente e concretarase no impulso do papel da infancia e da adolescencia na sociedade, na súa visualización como cidadanía activa e na promoción do seu dereito á libre expresión.





- Por outra banda, a incorporación de Galicia ao programa Cidades Amigas da Infancia, a través do convenio de colaboración coa Fegamp e UNICEF o 5 de novembro de 2018, e a obtención do Selo Cidade Amiga da Infancia outorgado por UNICEF a diferentes municipios e cidades galegas desde 2016 ata a actualidade, enmarcan a forte aposta que a Xunta de Galicia realizou en favor da participación da poboación máis nova, que tomando como marco EGIA, consolidou unha metodoloxía participativa que garante o compromiso autonómico para o cumprimento dos dereitos da infancia na nosa comunidade.

3. O acerto e oportunidade do proxecto normativo

Por todo o exposto e en orde avanzar no recoñecemento dos dereitos dos nenos e nenas no ámbito autonómico, é necesario seguir impulsando as políticas públicas que integren a perspectiva de infancia e faciliten as canles formais de participación democrática naqueles asuntos que afectan directamente á infancia. Aos efectos, cómpre crear un órgano de participación e representación da infancia de carácter autonómico, o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, cumprindo así os obxectivos da EGIA, concebindo a participación infantil, como unha das súas esferas prioritarias de actuación.

A Xunta de Galicia establecerá os mecanismos necesarios para que o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia contribúa a facer realidade o dereito á participación social dos nenos, nenas e adolescentes, para que estes, en recoñecemento da súa condición de cidadanía activa, poidan expoñer as súas opinións, ideas e inquietudes sobre aqueles asuntos do seu interese e deste xeito, participar na toma de decisións e o deseño de políticas públicas.

De conformidade co exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude promove a tramitación do presente proxecto normativo para a creación do órgano colexiado participativo, o Consello Autonómico de Infancia e da Adolescencia, así como a regulación das súas funcións, composición e réxime de funcionamento.

II. Estructura do proxecto normativo

Precedido do seu título e da parte expositiva, o proxecto de Decreto consta de dezoito artigos agrupados en dous capítulos e unha parte final con tres disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras como a continuación se indica:

Título

Parte expositiva

Parte dispositiva

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Artigo 2. *Natureza, adscrición e finalidade*

Artigo 3. *Réxime xurídico*

Artigo 4. *Ámbito de actuación*

Artigo 5. *Principios reitores de actuación*

Artigo 6. *Funcións*

Capítulo II. Normas de organización e funcionamento

Artigo 7. *Composición do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia*

Artigo 8. *A Presidencia*

Artigo 9. *A Presidencia Honorífica*

Artigo 10. *A Vicepresidencia*

Artigo 11. *A secretaría*

Artigo 12. *As vogalías*

Artigo 13. *A duración do mandato*

Artigo 14. *Funcionamento*

Artigo 15. *O Pleno*

Artigo 16. *As Comisións*

Artigo 17. *Equipo dinamizador*

Artigo 18. *Protección de datos persoais*



Disposición adicional primeira. *Uso linguaxe non sexista*

Disposición adicional segunda. *Réxime económico*

Disposición adicional terceira. *Constitución do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia*

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

III. Procedemento de elaboración da disposición administrativa de carácter xeral

Respecto á instrución na elaboración e tramitación do proxecto normativo, este acomódase ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como os artigos 127 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras o acordo de inicio da tramitación ditado pola persoa titular da consellería o 4 de outubro de 2021, procedeuse á apertura da consulta pública previa a través do portal de transparencia dende o 20 de outubro de 2021 ao 3 de novembro de 2021. Neste trámite recíbense dúas suxestións presentadas por UNICEF Comité Galicia e pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia que foron tidas en conta na elaboración do anteproxecto normativo.

Finalizado o trámite de consulta previa, na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica da entón Consellería de Política Social tivo entrada o texto articulado correspondente ao anteproxecto de Decreto polo que se crea e regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia xunto coa seguinte documentación:

- . A memoria xustificativa da legalidade, acerto e oportunidade e a memoria económica, asinadas pola persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia da Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- . A táboa de vixencia.

De acordo co artigo 41.5 da lei 16/2010, do 17 de decembro, unha vez aprobado o anteproxecto, cada consellería publicará na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación.

Con data 15 de novembro de 2022 aprobase inicialmente o anteproxecto normativo, agora proxecto de Decreto e publicase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia aos efectos de recabar as suxerencias e observacións entre o 16 de novembro de 2022 ao 9 de decembro de 2022.

A través da dita canle recibense as suxestións das entidades UNICEF Comité Galicia e Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia. Así mesmo recibense as suxestións de tres persoas integrantes de grupos de participación infantil e xuvenil de Tomiño, Voces Novas, de Ponteareas, Mentres Novas e de Redondela, Axentes do Cambio. Estas suxestións recibidas foron estudias como consta no expediente.

Fora do prazo establecido o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia presenta as súas suxestións ao proxecto que foron igualmente estudias como consta no expediente.

Xa na fase intermedia da tramitación, procedeuse á apertura da audiencia ás consellerías da Administración xeral da Comunidade autónoma coa recepción das aportacións da Vicepresidencia segunda e Consellería de Xustiza e Deportes sobre revisión das referencias normativas que foi tida en conta. A Consellería do Mar manifesta expresamente non achegar alegacións.



Polo que se refire ás entidades representativas, UNICEF Comité Galicia presenta alegacións e sobre o texto articulado que foron estudiasdas como así consta no expediente. A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, non presenta novas alegacións neste trámite.

Visto o contido, nesta fase intermedia recabarónse os seguintes informes favorables, algúns con recomendacións que foron estudiasdas como así consta no expediente:

- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade.
- . Observacións ao impacto de dinamización demográfica.
- . Informe da Fegamp e solicitude á Comisión Galego de Cooperación Local e informe da Fegamp.
- . Informe do Consello Galego de Benestar Social.
- . Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- . Informe da Dirección Xeral de Función Pública.
- . Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Finalizada a fase intermedia, o proxecto normativo resultante da dita fase foi sometido ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que, tras o estudo do procedemento de elaboración da disposición normativa, o réxime xurídico de aplicación ao órgano colexiados, o marco competencial e o cumprimento das directrices de técnica normativa, o emite con carácter favorable o 17 de xaneiro de 2023 coas observacións ao artigo 5 sobre a concreción dalgúns dos principios reitores de actuación, ao artigo 6 sobre as funcións do órgano, en concreto sobre a natureza dos informes, e por último sobre o artigo 12 referido ás vogalías e a ubicación do réxime de duración dos mandatos do número 3 e a súa procedente ubicación no artigo seguinte. As ditas observacións foron tidas en conta e recollidos no proxecto de decreto.

IV. Legalidade, acerto e oportunidade

Á vista do marco competencial, o apoio normativo e a procedencia da creación do órgano ao abeiro dos obxectivos recollidos na EGIA, tendo en conta o procedemento de tramitación da presente disposición administrativa de carácter xeral, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude para, tras o estudo na Comisión de Secretarios Xerais técnicos o proxecto normativo, elevarase á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

En virtude do exposto, considerase que o proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que esta secretaría xeral técnica emite,

INFORME favorable ao proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.

No lugar e na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

